Concello de Brión

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 887 006
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

BASES DA XLIII CARREIRA PEDESTRE POPULAR DA AMAÍA

O Concello de Brión, coa colaboración do Club Deportivo Brión Hyupersa Santiago, organiza a XLIII edición da Carreira Pedestre Popular da Amaía o sábado 3 de outubro de 2026 a partir das 16:30 h nas inmediacións do Parque de Pedrouzos (ao lado do Campo de Fútbol Municipal de Brión) co control técnico do Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo (Delegación de Santiago). Trátase dunha proba oficial da FGA, cunha distancia non homologada, pertencente ao XII Circuíto de Carreiras Deputación da Coruña.

PRIMEIRA. NORMATIVA XERAL

A XLIII Carreira Pedestre Popular da Amaía rexerase pola normativa vixente en materia de seguridade viaria do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia aplicable á celebración de probas deportivas na vía pública, en particular polo Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, e polo Real decreto 849/1993, do 4 de xuño, polo que se determinan as prestacións mínimas do Seguro Obrigatorio Deportivo, nos supostos en que resulte aplicable.

A proba estará cuberta por unha póliza de responsabilidade civil e por outra de accidentes deportivos, ambas subscritas pola Federación Galega de Atletismo.

No caso de accidentes deportivos, quedan excluídos da cobertura os supostos derivados de padecementos latentes, imprudencias ou incumprimentos das leis ou da normativa aplicable á competición, así como aqueles outros expresamente excluídos nas condicións da póliza.

Tamén quedan excluídos os accidentes ou incidencias producidos durante o desprazamento ao lugar de celebración da competición ou desde este.

Así mesmo, a proba contará cun servizo médico-sanitario composto por unha ambulancia e persoal médico.

A organización resérvase o dereito de modificar os horarios e/ou os percorridos, así como de aprazar ou suspender a carreira cando resulte necesario por razóns de seguridade. Estas circunstancias serán comunicadas ás persoas participantes coa maior antelación posible.

No caso de que para o día da proba se decrete unha alerta meteorolóxica de nivel laranxa ou superior que afecte ao concello de Brión durante o horario previsto para a carreira, a proba será suspendida automaticamente.

SEGUNDA. PARTICIPACIÓN

Nesta proba poderán participar persoas federadas e non federadas.

Todas as persoas participantes declaran, ao formalizar a inscrición, atoparse nun estado físico e de saúde adecuado para participar na proba.

Calquera persoa participante que presente algunha circunstancia médica relevante, como alerxias ou necesidades especiais de atención, deberá facelo constar no reverso do dorsal.

O persoal médico poderá determinar a retirada da proba de calquera persoa participante cando considere que a súa continuidade pode supoñer un risco para a súa saúde.

Toda persoa que participe sen estar inscrita farao baixo a súa responsabilidade, non poderá figurar nas clasificacións nin optar a premios ou trofeos e non estará amparada polos seguros da proba.

As persoas participantes deberán manter durante a proba unha conduta deportiva e respectuosa co resto das persoas participantes, co equipo arbitral, co persoal da organización e co público asistente.

As persoas con licenza da FGA deberán competir coa camiseta oficial do seu club e cumprir o Regulamento de Disciplina Deportiva vixente.

Durante a proba non se permite o acompañamento das persoas participantes mediante vehículos alleos á organización, bicicletas ou patíns, nin por persoas non inscritas que lles proporcionen avituallamento ou lles marquen o ritmo.

A participación de atletas procedentes do estranxeiro ou doutras federacións autonómicas rexerase polo disposto nos artigos 16, 17 e 18 da sección terceira do Regulamento de Competición da Real Federación Española de Atletismo, que se pode consultar na seguinte ligazón: https://i.gal/0U5aF

TERCEIRA. CATEGORÍAS, DISTANCIAS, HORARIOS E CIRCUÍTO

Na presente edición da proba establécense as seguintes categorías, distancias e horarios:

	CATEGORÍA	SEXO	IDADE	DISTANCIA	HORARIO
MENORES SEN CLASIFICACIÓN	INICIACIÓN	Mixto	2021 e posteriores	100 m	16:30 h
	SUB 8	Mixto	2019·2020	400 m	16:45 h
MENORES	SUB 10	Masculino Feminino	2017·2018	700 m	17:00 h
	SUB 12	Masculino Feminino	2015·2016	700 m	17:15 h
	SUB 14	Masculino Feminino	2013·2014	2.000 m	17:30 h
	SUB 16	Masculino Feminino	2011·2012	2.000 m	17:30 h
	SUB 18	Masculino Feminino	2009·2010	6.000 m	18:00 h
ABSOLUTA	SUB 20	Masculino Feminino	2007·2008	6.000 m	18:00 h
	SUB 23	Masculino Feminino	2004·2005·2006	6.000 m	18:00 h
	SÉNIOR	Masculino Feminino	1992·2003	6.000 m	18:00 h
	MASTER 1	Masculino Feminino	1986·1991	6.000 m	18:00 h
	MASTER 2	Masculino Feminino	1976·1985	6.000 m	18:00 h

Concello de Brión

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 887 006
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

	MASTER 3	Masculino Feminino	1966·1975	6.000 m	18:00 h
	MASTER 4 e seguintes	Masculino Feminino	1965 e anteriores	6.000 m	18:00 h

A recollida de dorsais poderá realizarse o venres 2 de outubro, opción recomendada, na Casa da Cultura do Concello de Brión, en horario de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 h. O propio día da carreira poderán recollerse desde as 15:30 h e ata 30 minutos antes do inicio de cada proba, nas inmediacións da liña de saída.

A proba absoluta da XLIII Carreira Pedestre Popular da Amaía realizarase sobre un **novo circuíto duns 3.000 m ao que se darán dúas voltas para completar un total de 6.000 m. Este circuíto presenta un menor desnivel que o empregado en edicións anteriores.** Os percorridos das categorías de Iniciación a Sub 16 desenvolveranse nas inmediacións do Campo de Fútbol Municipal de Brión.

Toda a información sobre os distintos percorridos pode consultarse na seguinte ligazón: https://i.gal/FAJI3

Ao finalizar a proba, todas as persoas participantes recibirán un avituallamento líquido na liña de meta.

CUARTA. INSCRICIÓN, COTAS E SISTEMA DE CRONOMETRAXE

As inscricións realizaranse a través da páxina web www.carreirasgalegas.com, ata o 30 de setembro ás 23:59 h. Non se admitirán inscricións fóra do prazo establecido nin por outros medios.

Para o control de tempos, todas as persoas participantes deberán levar o dorsal con chip facilitado pola organización correctamente colocado e nun lugar ben visible á altura do peito.

As cotas de inscrición serán as seguintes:

- Iniciación, Sub 8, Sub 10, Sub 12, Sub 14 e Sub 16: inscrición gratuíta
- De Sub 18 a Máster: 5 €

A persoa participante que non porte o dorsal durante a proba non poderá figurar na clasificación.

O dorsal é persoal e intransferible. A súa utilización por unha persoa distinta da titular suporá a descualificación da proba e a perda dos dereitos derivados da inscrición.

A formalización da inscrición implica a lectura e aceptación destas bases.

QUINTA. CLASIFICACIÓNS E PREMIOS

Establecerase unha clasificación individual segundo o tempo empregado en completar o circuíto da proba e unha clasificación por categorías. As diversas clasificacións poderán consultarse na páxina web: www.carreirasgalegas.com.

Outorgaranse **trofeos ás tres primeiras persoas clasificadas de cada categoría, tanto na clasificación feminina como na masculina**.

Así mesmo, recibirán **trofeo e premio en metálico as tres primeiras persoas da clasificación absoluta masculina e as tres primeiras da feminina**. Tamén haberá **premios para os tres clubs federados mellor clasificados**. Os premios económicos establécense da seguinte maneira:

	CLASIFICACIÓN MASCULINA	CLASIFICACIÓN FEMININA	CLUBS FEDERADOS
1ª POSICIÓN	300 € + TROFEO	300 € + TROFEO	300 € + TROFEO
2ª POSICIÓN	250 € + TROFEO	250 € + TROFEO	250 € + TROFEO
3ª POSICIÓN	150 € + TROFEO	150 € + TROFEO	150 € + TROFEO

Na carreira absoluta tamén recibirán **trofeo as tres primeiras persoas da clasificación masculina e as tres primeiras da feminina que estean empadroadas no Concello de Brión** no momento de formalizar a inscrición.

Os premios non serán acumulativos. Ningunha persoa participante poderá acumular dous premios correspondentes á clasificación xeral e á súa categoría, agás os recoñecementos correspondentes á clasificación de persoas empadroadas no Concello de Brión.

A cerimonia de entrega de premios terá lugar nas inmediacións da zona de saída e meta, unha vez que a última persoa participante complete a proba absoluta e logo de que a organización dispoña dos resultados oficiais facilitados pola entidade responsable da cronometraxe.

Todas as persoas participantes recibirán como agasallo conmemorativo unha **camiseta técnica**, cortesía da organización.

Sistema de puntuación e clasificación por equipos

Para optar á clasificación por clubs será necesario que polo menos seis integrantes do equipo completen a proba.

A clasificación establecerase mediante a suma dos postos obtidos polas seis primeiras persoas integrantes de cada club que crucen a liña de meta. Resultará gañador o equipo que obteña a menor puntuación. En caso de empate, terá preferencia o equipo cuxa sexta persoa integrante figure mellor clasificada.

Os equipos poderán ser mixtos.

Só os clubs federados poderán optar aos premios en metálico. Para formar parte dun mesmo equipo, todas as persoas integrantes deberán figurar inscritas baixo a mesma denominación. Para establecer a clasificación de cada club non se computarán persoas pertencentes a outros clubs nin a clubs filiais.

SEXTA. RECLAMACIÓNS

As reclamacións deberán formularse verbalmente ante a persoa que exerza a función de xuíz árbitro da competición, na zona de meta, nun prazo máximo de 30 minutos desde

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 887 006
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

a publicación dos resultados oficiais. Estes serán expostos nun lugar visible pola organización.

SÉTIMA. DESCUALIFICACIÓNS

O equipo arbitral e o persoal da organización poderán descualificar calquera persoa participante que incumpra a normativa da FGA ou da RFEA ou que incorra nalgunha das seguintes condutas:

- Non leve o dorsal correctamente colocado.

- Manipule ou modifique o dorsal.

- Participe cun dorsal correspondente a outra persoa.

- Non pase polos controis de carreira establecidos.

- Non realice o percorrido da carreira completo.

- Non atenda as indicacións do persoal da organización ou do equipo arbitral.

- Pretenda participar na carreira popular sen terse inscrito previamente.

- Se inscriba alterando de forma maliciosa os datos que figuren no DNI ou na ficha federativa.

- Adopte unha conduta antideportiva, groseira, violenta ou irrespectuosa co resto das persoas participantes, co equipo arbitral, co persoal da organización ou co público.

- Non facilite á organización a documentación que se lle requira.

- Incumpra calquera outra disposición da normativa de competición vixente da FGA ou da RFEA aplicable á proba.

Tamén serán descualificadas as persoas participantes que non respecten as indicacións da Policía Local, de Protección Civil, da Garda Civil, do equipo arbitral, dos servizos médicos ou do persoal da organización debidamente identificado.

As persoas descualificadas perderán o dereito a recibir calquera premio en metálico ou trofeo.

OITAVA. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais facilitados con motivo da inscrición na XLIII Carreira Pedestre Popular da Amaía serán tratados pola Federación Galega de Atletismo coa finalidade de xestionar a inscrición e participación na proba, elaborar e publicar as clasificacións, tramitar a licenza de día cando corresponda, xestionar as coberturas aseguradoras vinculadas á participación na proba e realizar as demais actuacións necesarias para o desenvolvemento da competición.

O responsable do tratamento é a Federación Galega de Atletismo, con CIF G15103500 e domicilio no Complexo Deportivo de Elviña, Praza Agustín Díaz, s/n, Salas 15-16-17, 15008 A Coruña. Pódese contactar coa Federación no teléfono 981 291 683 ou no enderezo electrónico federacion@atletismo.gal.

O delegado de protección de datos da Federación Galega de Atletismo é Nós Solucións. Pódese contactar a través do enderezo electrónico ramon@nossolucions.es.

Os datos persoais poderán ser comunicados ás entidades que deban intervir na organización e desenvolvemento da proba cando resulte necesario para a súa correcta xestión, para o cumprimento das obrigas legais aplicables ou para a prestación dos servizos vinculados á competición.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, cando proceda, portabilidade dos seus datos, dirixíndose á Federación Galega de Atletismo a través dos datos de contacto indicados anteriormente.

Así mesmo, poderán presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos se consideran que o tratamento dos seus datos persoais non se axusta á normativa vixente.

A información adicional e detallada sobre o tratamento dos datos persoais estará dispoñible no momento de formalizar a inscrición a través da plataforma Carreiras Galegas.

NOVENA. CAPTACIÓN E DIFUSIÓN DE IMAXES

Durante a celebración da XLIII Carreira Pedestre Popular da Amaía poderán realizarse fotografías e gravacións audiovisuais co obxecto de informar sobre o desenvolvemento da proba e difundir a actividade deportiva a través dos medios e canles de comunicación institucionais do Concello de Brión, incluídos o sitio web municipal, as redes sociais e outras publicacións de carácter informativo.

Nas imaxes xerais da proba poderán aparecer persoas participantes ou asistentes de forma meramente accesoria, de conformidade coa normativa reguladora do dereito á propia imaxe.

Cando se realicen fotografías ou gravacións nas que unha persoa resulte claramente identificable e constitúa o elemento principal da imaxe, solicitarase a correspondente autorización cando esta resulte legalmente necesaria.

No caso das persoas menores de idade, a captación e difusión de imaxes realizarase con especial respecto ao seu dereito á honra, á intimidade e á propia imaxe. Cando o tratamento se basee no consentimento, este deberá ser prestado pola propia persoa menor se é maior de catorce anos ou, se é menor desa idade, por quen exerza a patria potestade ou tutela.

O Concello de Brión será responsable do tratamento das imaxes que capte ou publique directamente a través dos seus medios institucionais. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos que lles recoñece a normativa de protección de datos a través das canles habilitadas polo Concello.

DÉCIMA. NOTA FINAL

Todo o non previsto nestas bases rexerase pola normativa vixente da FGA e da RFEA.